75300		De soc.merc, entidades pú											
76100		De Diputación	522.724,50	287.351,07	810.075,57	322.606,01	39,82	322.606,01		322.606,01	100,00		-487.469,56
76102		Diput											
77000		De Empresas privadas.	10.000,00		10.000,00								-10.000,00
78000		De fam.e inst.sin fines I											
87000		Para gastos generales		164.393,90	164.393,90								-164.393,90
87010		Para gastos con financiación afectada		141.747,25	141.747,25								-141.747,25
91100		Prést. l/p de entes s.púb				-7.694,53			7.694,53	-7.694,53	100,00		-7.694,53
91300		Prést. l/p entes no s.púb											
		Total de operaciones de capital:	895.251,13	637.433,15	1.532.684,28	542.704,00	35,41	554.096,29	11.392,29	542.704,00	100,00		-989.980,28
		Suma	4.006.077,10	800.502,11	4.806.579,21	2.850.902,98	59,31	2.769.004,89	14.153,23	2.754.851,66	96,63	96.051,32	-1.955.676,23



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO DE ORZAMENTO EXERCICIO 2026

(Memoria explicativa en cumprimento do disposto nos artigos 168.1a) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e artigo 18.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril)

D. Esteban Ares García, Alcalde do Concello de Lousame, presenta ao Pleno Corporativo, para a súa aprobación, o proxecto de Orzamento para o exercicio 2026, que ascende tanto no seu Estado de Gastos como no seu Estado de Ingresos á cantidade de **3.825.134,21 euros**.

O proxecto de Orzamento do Concello recolle de xeito sistemático as previsións de ingresos e gastos da Entidade no exercicio de 2026 e constitúe o documento básico da planificación económica da mesma, cumprindo, ademais, as finalidades que a normativa reguladora das facendas locais lle atribúe para garantir a transparencia e estabilidade da actividade financeira e permitir a súa fiscalización e control. Está integrado unicamente polo Orzamento do Concello ao non estar creado ningún organismo autónomo nin empresa pública.

Inclúe a totalidade dos ingresos previstos e dos gastos que se esperan realizar durante o exercicio. Os Estados de Ingresos e Gastos aparecen equilibrados, cumpren o obxectivo de estabilidade e o límite de débeda establecidos para as Corporacións Locais.

A estrutura do Orzamento para 2026, tanto no seu Estado de Ingresos como de Gastos, adáptase ós criterios de clasificación por programas e económica establecidos pola Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

De seguido procédese a explicar o contido do proxecto de Orzamento para 2026 e as principais modificacións en relación co exercicio 2025.

ORZAMENTO DE GASTOS:

CAP	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO 2025		ORZAMENTO 2026	
		IMPORTE	%	IMPORTE	%
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	3.873.980,92	96,70%	3.691.508,54	96,51%
A.1	OPERACIÓNS CORRENTES	3.076.963,89	76,81%	3.161.673,88	82,66%
1	Gastos de Persoal	1.378.087,31	34,40%	1.447.984,83	37,85%
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.431.226,65	35,73%	1.441.663,05	37,69%
3	Gastos financeiros	11.500,00	0,29%	11.500,00	0,30%
4	Transferencias correntes	256.149,93	6,39%	260.526,00	6,81%
5	Fondo de continxencia	0	0,00 %	0	0,00 %
A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	797.017,03	19,90%	529.834,66	13,85%
6	Investimentos reais	797.017,03	19,90%	529.834,66	13,85%



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

7	Transferencias de capital	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %
B)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	132.096,18	3,30%	133.625,67	3,49%
8	Activos financeiros	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %
9	Pasivos financeiros	132.096,18	3,30%	133.625,67	3,49%
TOTAL GASTOS		4.006.077,10	100 %	3.825.134,21	100 %

CAPÍTULO 1:

Recole de maneira cifrada (**1.447.984,83 €**) a remuneración do persoal afecto ao Concello, do que se incorpora o seu cadro como Anexo a este Orzamento.

As retribucións están calculadas de acordo coas vixentes a 01.12.2025. Do mesmo xeito, contéplase o crédito necesario para facer fronte a:

- Subida salarial do 2,5%, para o ano 2025, en virtude do Acordo Marco para a mellora do emprego público e o servizo á cidadanía, asinado o 27/11/2025 entre o Goberno de España e as organizacións sindicais UGT e CSIF. Esta subida salarial foi aprobada mediante Real Decreto Lei 14/2025, do 2 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público que supón o incremento do 2,5% das retribucións vixentes a 01/12/2025.
- Subida salarial consolidable do 1,5% respecto aos importes vixentes a 31/12/2025, actualizados no Real Decreto Lei 14/2025, do 2 de decembro, con efectos do 01/01/2026.
- Posible incremento retributivo adicional e consolidable, do 0,5% respecto ás retribucións vixentes a 31/12/2025, actualizadas en virtude do Real Decreto Lei 14/2025, do 2 de decembro, se a variación do IPC no 2026 é igual ou superior ao 1,5%.

Por último, neste capítulo 1, recóllense as contías necesarias para o salario aplicable aos cargos electos, no cumprimento do acordo plenario adoptado na sesión plenaria organizativa do 30/09/2025, tras o cambio producido na Alcaldía do Concello.

Comparación cos exercicios precedentes:

- **Cargos con dedicación exclusiva ou parcial.**

Están orzadas tres dedicacións parciais, no cumprimento do acordo plenario adoptado na sesión extraordinaria organizativa do 30/09/2025, tras o cambio producido na Alcaldía do Concello, derivado da renuncia ao seu cargo da anterior Alcaldesa e concelleira, D^a M^a Teresa Villaverde Pais:



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Retribucións dos cargos electos dende o 01.10.2025 até o fin do mandato corporativo	
Alcaldía Dedicación parcial (80% da xornada legal de traballo)	Retribucións brutas anuais (14 pagas): 33.500,00 €
1º Tenente de Alcalde e Concelleira Delegada Dedicación parcial (80% da xornada legal de traballo)	Retribucións brutas anuais (14 pagas): 23.500,00 €
2ª Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado Dedicación parcial (80% da xornada legal de traballo)	Retribucións brutas anuais (14 pagas): 23.500,00 €

Tamén se recollen as contías necesarias para asumir o incremento salarial dos cargos electos, no suposto de que se dea a circunstancia á que fai referencia o acordo plenario do día 30/09/2025:

“A partires da adopción deste acordo, as retribucións brutas anuais (vixentes a partir do 01/10/2025) seguirán, aos efectos da súa revisión, o mesmo réxime aplicable ás retribucións do persoal funcionario da Corporación Local, sen necesidade de acordo plenario adicional, respectando en todo caso os límites máximos fixados para as retribucións dos cargos electos, na Lei de Orzamentos Xerais do Estado.”

Polo tanto, órzase:

- 1.- Subida salarial consolidable do 1,5% respecto aos importes vixentes a 31/12/2025, con efectos do 01/01/2026.
- 2.- Posible incremento retributivo adicional e consolidable, do 0,5% respecto ás retribucións vixentes a 31/12/2025, se a variación do IPC no 2026 é igual ou superior ao 1,5%.

— Persoal funcionario

As retribucións do persoal funcionario son as vixentes a 01.12.2025 (que á súa vez, son as retribucións vixente a 31/12/2024, establecidas pola Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o 2023, e actualizadas polo Real Decreto Lei 4/2024, do 26 de xuño, pola que se prorrogan determinadas medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraia e Oriente Próximo e se adoptan medidas urxentes en materia fiscal, enerxética e social); e coa excepción da consignación do importe dos trienios que durante o exercicio 2026 corresponda recoñecer, aos que lles aplican as contías previstas na normativa reguladora das retribucións dos empregados do sector público.

Do mesmo xeito, recóllese o crédito necesario para o cumprimento do Acordo Marco para a mellora do emprego público e o servizo á cidadanía, asinado o 27/11/2025 entre o Goberno de España e as organizacións sindicais UGT e CSIF. Esta subida salarial foi aprobada mediante Real Decreto Lei 14/2025, do 2 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público que supón o incremento do 2,5% das retribucións vixentes a 01/12/2025.

Finalmente, recóllese o crédito necesario para a subida salarial consolidable do 1,5% respecto aos importes vixentes a 31/12/2025, actualizados no Real Decreto Lei 14/2025, do 2 de decembro, con efectos do 01/01/2026. E o posible incremento retributivo adicional e consolidable, do 0,5% respecto ás retribucións vixentes a 31/12/2025, actualizadas en virtude do Real Decreto Lei 14/2025, do 2 de



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

decembro, se a variación do IPC no 2026 é igual ou superior ao 1,5%.

— Persoal Laboral

As retribucións do persoal laboral son as vixentes a 01.12.2025 (que á súa vez, son as retribucións vixente a 31/12/2024, establecidas pola Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o 2023, e actualizadas polo Real Decreto Lei 4/2024, do 26 de xuño, pola que se prorrogan determinadas medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraia e Oriente Próximo e se adoptan medidas urxentes en materia fiscal, enerxética e social); e coa excepción da consignación do importe dos trienios que durante o exercicio 2026 corresponda recoñecer, aos que lles aplican as contías previstas na normativa reguladora das retribucións dos empregados do sector público.

Do mesmo xeito, recóllese o crédito necesario para o cumprimento do Acordo Marco para a mellora do emprego público e o servizo á cidadanía, asinado o 27/11/2025 entre o Goberno de España e as organizacións sindicais UGT e CSIF. Esta subida salarial foi aprobada mediante Real Decreto Lei 14/2025, do 2 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público que supón o incremento do 2,5% das retribucións vixentes a 01/12/2025.

Finalmente, recóllese o crédito necesario para a subida salarial consolidable do 1,5% respecto aos importes vixentes a 31/12/2025, actualizados no Real Decreto Lei 14/2025, do 2 de decembro, con efectos do 01/01/2026. E o posible incremento retributivo adicional e consolidable, do 0,5% respecto ás retribucións vixentes a 31/12/2025, actualizadas en virtude do Real Decreto Lei 14/2025, do 2 de decembro, se a variación do IPC no 2026 é igual ou superior ao 1,5%.

Así, cumpríméntase o principio de homoxeneidade fixado na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2023 (última aprobada), en comparación co número de efectivos que estaban vixentes a 31.12.2024.

CAPÍTULO 2:

Cifrado en **1.441.663,05 €**, contén as asignacións precisas nas diversas aplicacións orzamentarias para atender as necesidades dos distintos servizos municipais que deben prestarse durante o exercicio económico 2026.

O capítulo 2 sofre un lixeiro incremento en comparación co exercicio 2025; necesario para acomodar o orzamento ao gasto previsible neste exercicio.

CAPÍTULO 3:

Cifrado en **11.500,00 €**, comprende o crédito para facer fronte aos posibles xuros dunha operación de tesourería prevista, xuros de mora que se poidan producir e gastos de comisións bancarias.

O capítulo 3 é idéntico en relación co capítulo 3 do exercicio 2025.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

CAPÍTULO 4:

Cifrado en **260.526,00 €**, comprende o crédito para facer fronte, fundamentalmente, aos seguintes gastos:

- Cotas obrigatoria, complementarias, extraordinarias e liquidacións extraordinarias que xire a Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza, da que este Concello é membro de pleno dereito; relativas á xestión integral dos RSU.
- Servizo Xantar na Casa.
- Subvencións (nominativas e en concorrencia competitiva)

As principais novidades son:

- Eliminación das asignacións aos Grupos Políticos Municipais.
- Inclusión dunha nova liña de axudas para o fomento da natalidade.

O capítulo 4 sofre un lixeiro incremento en relación ao exercicio económico do 2025.

CAPÍTULO 5:

Non está dotado orzamentariamente, ao igual que tampouco o estivo no exercicio precedente.

CAPÍTULO 6:

Cifrado en **529.834,66 €**, comprende o crédito para facer fronte aos investimentos que se relacionan no Anexo de Investimentos do Orzamento. Supoñen unha porcentaxe do 13,85 % do total do Orzamento de Gastos; inferior á cifra do exercicio 2025 (19,90 %).

Isto está motivado porque á data de elaboración do orzamento aínda non están definidos os investimentos que serán financiados con cargo ao POS+ da Deputación Provincial do exercicio 2026, que suporán un importe de 330.327,03 €. Se engadimos ao capítulo 6 orzado esta contía, o capítulo 6 será superior ao do orzamento 2025, alcanzando a cifra de 860.000,00 €.

CAPÍTULO 9:

Cifrado en **133.625,67 €**, comprende o crédito para facer fronte á amortización da anualidade 2026 da débeda do Concello, relacionada no Anexo da Débeda. Supón unha porcentaxe do 3,49% do total do Orzamento de Gastos.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ORZAMENTO DE INGRESOS:

CAP	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO 2025		ORZAMENTO 2026	
		IMPORTE	%	IMPORTE	%
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	4.006.077,10	100%	3.825.134,21	100 %
A.1	OPERACIÓNS CORRENTES	3.110.825,97	77,65%	3.332.391,68	87,12 %
1	Impostos directos	614.000,00	15,33%	677.573,45	17,71%
2	Impostos indirectos	45.000,00	1,12%	45.000,00	1,18%
3	Taxas, prezos públicos e outros	466.101,94	11,63%	513.294,65	13,42%
4	Transferencias correntes	1.983.524,03	49,51%	2.094.323,58	54,75%
5	Ingresos patrimoniais	2.200,00	0,05%	2.200,00	0,06%
A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	895.251,13	22,35%	492.742,53	12,88 %
6	Alleamento investim reais	0,00	0%	0,00	0 %
7	Transferencia de capital	895.251,13	22,35%	492.742,53	12,88 %
B)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00	0%	0,00	0%
8	Activos financeiros	0,00	0%	0,00	0%
9	Pasivos financeiros	0,00	0%	0,00	0%
TOTAL INGRESOS		4.006.077,10	100 %	3.825.134,21	100 %

CAPÍTULO 1:

Cifrado en **677.573,45 €**. Experimenta un lixeiro incremento en termos porcentuais (10 %) co exercicio 2025, co obxecto de realizar unhas previsións de ingresos moi axustadas á realidade, favorecendo os parámetros da LOEPSF. Os datos consignados derivan das previsións facilitadas pola Excm. Deputación da Coruña, Administración que se encarga da recadación dos tributos do capítulo 1.

CAPÍTULO 2:

Cifrado en **45.000,00 €**. É idéntico ao do exercicio 2025, co obxecto de realizar unhas previsións de ingresos moi axustadas á realidade, favorecendo os parámetros da LOEPSF. Os datos consignados derivan da comparación das previsións iniciais cos dereitos recoñecidos nos exercicios precedentes.

CAPÍTULO 3:

Cifrado en **513.294,65 €**. Experimenta un incremento en termos porcentuais (10 %) co exercicio 2025, co obxecto de realizar unhas previsións de ingresos moi axustadas á realidade, favorecendo os parámetros da LOEPSF. Os datos consignados derivan da comparación das previsións iniciais cos dereitos recoñecidos nos exercicios precedentes. Tamén do incremento da recadación previsto que



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

deriva da modificación da ordenanza fiscal reguladora da Taxa polos servizos de hixiene urbana.

CAPÍTULO 4:

Cifrado en **2.094.323,58 €**. Experimenta un incremento en termos porcentuais co exercicio 2025 (5,58 %). As diferenzas fundamentais con respecto ao exercicio 2025 atópanse na:

- Importe da Participación nos Ingresos do Estado, consignada ao abeiro da previsión de financiamento das entidades locais publicada na páxina web do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (proxección da entrega a conta da PIE do 2025 para os ano 2026, e previsión de liquidación definitiva positiva da PIE do exercicio 2024, que se recibirá ao longo do exercicio 2026)
- Importe consignado para o Fondo de Cooperación Local da Xunta de Galicia; ao abeiro da previsión de financiamento das entidades públicas publicada na páxina web da Xunta (proxección da entrega a conta do FCL do 2025 para o exercicio 2026)
- As restantes transferencias que se recollen reflicten cantidades que se prevén recibir durante o exercicio 2026. Consígnanse as seguintes:

Subvencións da Xunta de Galicia	
Concepto	Importe en euros
Tratamentos preventivos (extinción incendios)	21.000,00
Convenio de promoción da autonomía persoal 2026	62.000,00
Convenio mantemento secretaria Xulgado de Paz	10.500,00
Plan Concertado. Traballadora Social coordinadora	16.815,00
Plan Concertado. Traballadora Social	16.815,00
Punto Atención Infancia, liña 1	9.212,00
Punto Atención Infancia, liña 2	11.294,47
Lousame Concilia	14.318,53
SAF Dependencia	295.200,00
Funcionamento Xulgado de Paz	2.370,66
Ler conta moito 2026	800,00
Xuventude Activa 2026	4.800,00
Voluntariado Senior 2026	1.500,00
TOTAL	466.625,66 €
Subvencións da Deputación Provincial	
Concepto	Importe en euros
Plan único 2026 Gasto corrente	235.000,00
Gasto Social Extraordinario 2026	66.509,06
Servizos Sociais Comunitarios (auxiliar)	18.000,00
Servizos Sociais Comunitarios (educadora)	11.000,00
Servizos Sociais Comunitarios (SAF LC)	42.000,00
Técnico Cultura	15.000,00
Técnico Deportivo	15.000,00
Socorrista piscina	10.000,00
Técnico Minas San Finx	19.329,06
Festival Maxia	8.550,00
Rede Cultural	15.000,00
TOTAL	455.388,12 €



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Subvencións outras AAPP e outros	
Concepto	Importe en euros
Fondos do pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Estado)	2.059,83
Proxecto Corpo europeo solidaridade 2026/2027 (INJUVE)	19.904,00
Convenio para o sostemento común do Centro de Día (Concello de Noia)	41.177,32
TOTAL	63.205,32 €

CAPÍTULO 5:

Cifrado en **2.200,00 €**. Non supón ningunha variación en relación ao Orzamento do ano 2025.

CAPÍTULO 7:

Cifrado en **492.742,53 €** experimenta un decremento en termos porcentuais co exercicio 2025 (45 %); motivado pola falta de previsión dos investimentos que irán financiados con cargo ao POS+ 2026, que a día de hoxe aínda non están definidos. Consígnanse neste capítulo as transferencias de capital procedentes doutros organismos e destinados ao financiamento de operacións de capital no exercicio 2026. En concreto:

Subvencións da Xunta de Galicia e organismos	
Concepto	Importe en euros
Renovación do céspede do campo de fútbol Cabanetán	40.956,23
Corrección de impactos paisaxísticos no Pavillón Pilar Barreiro Senra	19.266,18
Pista de Fruime a Silvarredonda. Anualidade 2026	32.600,40
TOTAL	92.822,81 €

Subvencións da Deputación Provincial	
Concepto	Importe en euros
Renovación do céspede do campo de fútbol Cabanetán	163.824,91
Mellora do camiño de Outeiro a Marracín de Arriba	30.524,77
Mellora de viario en Millón	34.002,60
Mellora de viario no Campo-Agro de Vilas (Ces)	35.453,52
POS 2026. Redución da débeda	99.763,59
TOTAL	363.569,39 €

Subvencións outras AAPP e outros	
Concepto	Importe en euros
Focos escenario Casa da Cultura (REE)	10.000,00
Espacio multifuncional de inclusión social Vilacoba (DELOA)	26.350,33
TOTAL	10.000,00 €

Lousame, na data da sinatura dixital.

O Alcalde, Esteban Ares García



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

INFORME ECONÓMICO – FINANCEIRO DO PROXECTO DE ORZAMENTO EXERCICIO 2026

(Informe económico - financeiro en cumprimento do disposto nos artigos 168.1.g) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e artigo 18.1.e) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril)

D. Esteban Ares García, na miña calidade de Alcalde do Concello de Lousame, despois de ter confeccionado os Estados de Gastos e Ingresos do Orzamento para o ano 2026, en cumprimento do disposto nos artigos 168.1.e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e 18.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, emito o seguinte informe, que ten por obxecto expor:

- As bases utilizadas para a avaliación dos ingresos.
- A suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos do funcionamento dos servizos.
- A efectiva nivelación do Orzamento.

Primeiro.- Bases empregadas para a avaliación dos ingresos.

Capítulo 1. Impostos Directos

Comprende o Imposto de Bens Inmóveis, o Imposto de Actividades Económicas e o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica. As previsións calculáronse tendo en conta os padróns municipais existentes, as ordenanzas en vigor, a recadación que por estes conceptos se efectuou no exercicio 2025 en virtude das liquidacións practicadas polo órgano de recadación, as liquidacións correspondentes a exercicios anteriores e as previsións para o exercicio 2026 realizadas polo órgano de recadación.

Capítulo 2. Impostos Indirectos

Comprende o Imposto de Construcións, Instalacións e Obras. As previsións calculáronse tendo en conta as ordenanzas en vigor e a recadación que por estes conceptos se efectuou no exercicio 2025, as liquidacións correspondentes a exercicios anteriores e as previsións para o exercicio 2026.

Capítulo 3. Taxas e outros ingresos

As previsións calculáronse tendo en conta os padróns municipais existentes, as ordenanzas en vigor, a recadación que por estes conceptos se efectuou no exercicio 2025 e a que se prevé efectuar no exercicio 2026, segundo os datos aportados por cada Departamento Municipal.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Capítulo 4. Transferencias correntes

Polo que respecta á Participación nos Ingresos do Estado (PIE) tivéronse en conta as notificacións das entregas a conta efectuadas por este concepto pola Dirección Xeral de Coordinación coas Facendas Territoriais (proxección da entrega a conta da PIE de 2025, para os doce meses do 2026; e previsión de liquidación definitiva positiva da PIE do exercicio 2024, que se recibirá ao longo do 2026)

Do mesmo xeito tívose en conta a previsión de achega do Fondo de Cooperación Local, xa que os recursos que con cargo á súa consignación lle corresponden aos Concellos teñen a consideración de fondos incondicionados.

En relación coa previsión de concesión de subvencións para gasto corrente por parte da Xunta de Galicia ou organismos dependentes ou Deputación Provincial, tivéronse en conta as resolucións de concesión do ano 2025 (dado que moitas delas teñen carácter de convenio prorrogable) así como as que xa se coñecen nesta data relativas ao exercicio 2026. Están oportunamente relacionadas na Memoria da Alcaldía.

Capítulo 5. Ingresos patrimoniais

Nos conceptos que se inclúen neste capítulo consignáronse, por unha banda, os xuros de depósitos, cantidade que xorde de efectuar un cálculo estimativo dos xuros das contas correntes abertas en entidades de crédito en base a promedios que se estiman deben ser próximos ao real de manterse o saldo medio das contas e tendo en conta os tipos de xuro, que se estima non sufrirán grandes variacións.

Tamén figura o produto de concesións administrativas, en función das contratadas e das que se prevé contratar durante este exercicio 2026.

Capítulo 7. Transferencias de capital

En relación coa previsión de concesión de subvencións para gasto de capital por parte da Xunta de Galicia ou organismos dependentes ou Deputación Provincial, tivéronse en conta as convocatorias efectuadas no 2025, resolucións de concesión que xa se coñecen nesta data relativas ao exercicio 2026 e as que se prevé que se concedan. Están oportunamente relacionadas na Memoria da Alcaldía.

Estas transferencias teñen un carácter finalista (o gasto que financian é afectado) polo que non se consumirá o crédito das correlativas aplicacións orzamentarias de gastos en tanto as achegas do Estado de Ingresos non se confirmen.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Segundo.- A suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos do funcionamento dos servizos.

a) Por razón dos compromisos e débedas esixibles.

O capítulo 1 do Estado de Gastos, que recolle os do persoal, está orzado de acordo co cadro de persoal e coas retribucións que lle corresponden segundo a Lei de Orzamentos Xerais do Estado e normativa concordante. Do mesmo xeito, recóllese:

- Subida salarial do 2,5%, para o ano 2025, en virtude do Acordo Marco para a mellora do emprego público e o servizo á cidadanía, asinado o 27/11/2025 entre o Goberno de España e as organizacións sindicais UGT e CSIF. Esta subida salarial foi aprobada mediante Real Decreto Lei 14/2025, do 2 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público que supón o incremento do 2,5% das retribucións vixentes a 01/12/2025.
- Subida salarial consolidable do 1,5% respecto aos importes vixentes a 31/12/2025, actualizados no Real Decreto Lei 14/2025, do 2 de decembro, con efectos do 01/01/2026.
- Posible incremento retributivo adicional e consolidable, do 0,5% respecto ás retribucións vixentes a 31/12/2025, actualizadas en virtude do Real Decreto Lei 14/2025, do 2 de decembro, se a variación do IPC no 2026 é igual ou superior ao 1,5%.

No capítulo 2 de gastos correntes e de servizos consignáronse as contías que se estiman suficientes para a cobertura dos gastos do exercicio corrente, especialmente os xa comprometidos.

O capítulo 3 ten a súa base na operación de crédito a curto prazo proxectada, posibles xuros de mora que se poidan producir e outros gastos financeiros, que se presentan con maior detalle no Anexo da Débeda e na Memoria da Alcaldía.

No capítulo 4 consígnanse os importes que se prevén necesarios para a concesión de subvencións e axudas económicas que poidan outorgarse tanto a persoas físicas como a agrupacións e asociacións ao longo do exercicio, así como ao grupos políticos constituídos na Corporación. Tamén se establecen as consignacións suficientes para facer fronte ás obrigas adquiridas con outras entidades como a Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza, a Consorcios, á FEMP, ó Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, etcétera.

En canto ás operacións de capital, dotáronse as correspondentes aplicacións orzamentarias do capítulo 6 para poder afrontar a execución das obras e servizos incluídas nos diversos Plans, Programas que se reflicten no Anexo de Investimentos que acompaña o Orzamento, se ben, nos casos nos que non exista aínda documento firme de achega de subvencións ou axudas procedentes das correspondentes Administracións, a través do que se garanta o financiamento do investimento, non se poderán utilizar os créditos previstos.

Finalmente, no capítulo 9, consígnouse o crédito necesario para proceder á devolución no 2025 de diferentes operacións de endebedamento con entidades do sector público, que se detallan no Anexo da Débeda.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

b) **Por razón do funcionamento dos servizos.**

As consignacións orzamentarias dirixidas ao funcionamento dos servizos están previstas nunhas contías que se estiman suficientes, en condicións normais de funcionamento dos mesmos e análogas ás do exercicio de 2025. Tales previsións baséanse na facturación existente no ano 2025 e nunha estimación realista dos gastos pendentes até fin de ano.

Terceiro.- A efectiva nivelación do Orzamento.

Da aplicación dos criterios anteriores resulta un Orzamento equilibrado no estado de gastos e de ingresos. Da comparación dos estados de ingresos e gastos dedúcese a presentación á aprobación polo Pleno Corporativo dun Orzamento real e suficiente para a cobertura dos gastos comprometidos e estimados do exercicio 2026.

Lousame, na data da sinatura dixital.

O Alcalde, Esteban Ares García



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ANEXO DE PERSOAL

Apartado 1.1 FUNCIONARIOS

Retribucións básicas

Retribucións complementarias: Complemento de Destino

Retribucións complementarias: Complemento Específico

Retribucións complementarias: produtividade, gratificacións e outros complementos

Seguridade Social

Apartado 1.2 PERSOAL LABORAL FIXO

Retribucións básicas

Retribucións complementarias: Complemento de Destino

Retribucións complementarias: Complemento Específico

Retribucións complementarias: produtividade, gratificacións e outros complementos

Seguridade Social

Apartado 1.3 PERSOAL LABORAL FIXO CENTRO DE DÍA E FIXO DISCONTINUO

Retribucións básicas

Retribucións complementarias: Complemento de Destino

Retribucións complementarias: Complemento Específico

Seguridade Social

Apartado 1.4 PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Retribucións e outras remuneracións

Seguridade Social

Apartado 1.5 ÓRGANOS DE GOBERNO

Retribucións e outras remuneracións

Seguridade Social

Apartado 1.6 CADRO DE PERSOAL 2026

CONCELLO DE LOUSAME
ORZAMENTO PARA O EXERCIZO DE 2026

Apartado 1.1 FUNCIONARIOS

RETRIBUCIÓN BÁSICAS, segundo importes vixentes a 01/12/2025												Incremento 2,5% 2025	Incremento 1,5% + 0,5% 2026	Total incremento
Denominación do posto de traballo	Grupo Programa	Nº dotacións	Grupo	Soldo Mensual	(A) Soldo anual	Trienios mensuais	(B) Trienios anuais	Pagas Extraordinarias		(C) Pagas extras	Total retribucións básicas A + B+ C			
								Soldo	Trienios					
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN-TESORERÍA (1000)	920	1	A ₁	1.333,40	16.000,80	51,32	4.310,88	822,83	31,68	2.089,18	22.400,86	22.960,88	23.420,10	1.019,24
TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL (1001)	920	1	A ₁	1.333,40	16.000,80	51,32	2.463,36	822,83	31,68	1.899,10	20.363,26	20.872,34	21.289,79	926,53
ARQUITECTO TÉCNICO (2001)	150	1	A ₂	1.152,97	13.835,64	41,85	4.017,60	840,88	30,51	2.169,92	20.023,16	20.523,74	20.934,21	911,05
ADMINISTRATIVO TESOURERÍA (1002)	934	1	C ₁	865,68	10.388,16	31,68	3.696,48	748,21	27,35	2.050,04	16.134,68	16.538,05	16.868,81	734,13
ADMINISTRATIVO (1004)	920	1	C ₁	865,68	10.388,16	31,68	-	748,21	27,35	1.496,42	11.884,58	12.181,69	12.425,33	540,75
AUXILIAR ADMINISTRATIVO (4005)	231	1	C ₂	720,49	8.645,88	21,57	-	713,92	21,34	1.427,84	10.073,72	10.325,56	10.532,07	458,35
CELADOR CPI (3208)	323	1	E	659,44	7.913,28	16,24	974,40	659,44	16,24	1.481,28	10.368,96	10.628,18	10.840,75	471,79
TOTAIS.....		7			83.172,72		15.462,72			12.613,78	111.249,22			5.061,84
Total grupo de programa 920.....					42.389,76		6.774,24			5.484,70	54.648,70			2.486,52
Total grupo de programa 934.....					10.388,16		3.696,48			2.050,04	16.134,68			734,13
Total grupo de programa 231.....					8.645,88		-			1.427,84	10.073,72			458,35
Total grupo de programa 323.....					7.913,28		974,40			1.481,28	10.368,96			471,79
Total grupo de programa 150.....					13.835,64		4.017,60			2.169,92	20.023,16			911,05
TOTAL CRÉDITO ORZAMENTO.....					83.172,72		15.462,72			12.613,78	111.249,22			5.061,84

- (A) Soldo: 12 mensualidades ordinarias
(B) Trienios: 12 mensualidades ordinarias
(C) Pagas Extraordinarias (2): soldo + trienios

Desagregación trienios durante 2026	Trienios / Grupo
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN (PAO)	7 (A1)
TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL (UMR)	4 (A1)
ARQUITECTO TÉCNICO (ARF)	8 (A2)
ADMINISTRATIVO AX (Tª) (MMAL)	4 (C2) + 7 (C1)
ADMINISTRATIVO AX (Vacante)	
AUXILIAR ADMINISTRATIVO (Vacante)	
CELADOR CPI (LMCF)	5 (E)

CONCELLO DE LOUSAME
ORZAMENTO PARA O EXERCIZO DE 2026

Apartado 1.1 FUNCIONARIOS

B) COMPLEMENTO DE DESTINO, segundo importes vixentes a 01.12.2025								
Denominación do posto de traballo	Grupo Programa	Nivel.	Nº dotacións	Contía mensual	CUSTO ANUAL	Incremento 2,5% 2025	Incremento 1,5% + 0,5% 2026	Total incremento
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN-TESORERÍA (1000)	920	30	1	1.164,74	16.306,36	16.714,02	17.048,30	741,94
TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL (1001)	920	26	1	839,48	11.752,72	12.046,54	12.287,47	534,75
ARQUITECTO TÉCNICO (2001)	150	24	1	700,84	9.811,76	10.057,05	10.258,20	446,44
ADMINISTRATIVO TESOURERÍA (1002)	934	22	1	612,99	8.581,86	8.796,41	8.972,33	390,47
ADMINISTRATIVO (1004)	920	18	1	474,69	6.645,66	6.811,80	6.948,04	302,38
AUXILIAR ADMINISTRATIVO (4005)	231	18	1	474,69	6.645,66	6.811,80	6.948,04	302,38
CELADOR CPI (3208)	323	14	1	366,76	5.134,64	5.263,01	5.368,27	233,63
SUMAS.....			7	4.634,19	64.878,66			2.951,98
Total grupo de programa 920.....					34.704,74			1.579,07
Total grupo de programa 934.....					8.581,86			390,47
Total grupo de programa 231.....					6.645,66			302,38
Total grupo de programa 323.....					5.134,64			233,63
Total grupo de programa 150.....					9.811,76			446,44
TOTAL CRÉDITO ORZAMENTO.....					64.878,66			2.951,98

Custo anual: 12 mensualidades ordinarias + 2 mensualidades extraordinarias

CONCELLO DE LOUSAME
ORZAMENTO PARA O EXERCIZO DE 2026

Apartado 1.1 FUNCIONARIOS

C) COMPLEMENTO ESPECÍFICO, vixente a 01.12.2025								
Denominación do posto de traballo	Grupo Programa	Grupo	Nº dotacións	Contía mensual	Custo anual (14 pagas)	Incremento 2,5% 2025	Incremento 1,5% + 0,5% 2026	Total incremento
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN-TESORERÍA (1000)	920	A ₁	1	2.229,45	31.212,44	31.992,75	32.632,61	1.420,17
TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL (1001)	920	A ₁	1	998,45	13.978,26	14.327,72	14.614,27	636,01
ARQUITECTO TÉCNICO (2001)	150	A ₂	1	998,45	13.978,26	14.327,72	14.614,27	636,01
ADMINISTRATIVO TESOURERÍA (1002)	934	C ₁	1	660,56	9.247,81	9.479,01	9.668,59	420,78
ADMINISTRATIVO (1004)	920	C ₁	1	490,09	6.861,28	7.032,81	7.173,47	312,19
AUXILIAR ADMINISTRATIVO (4005)	231	C ₂	1	490,09	6.861,28	7.032,81	7.173,47	312,19
CELADOR CPI (3208)	323	E	1	234,39	3.281,48	3.363,52	3.430,79	149,31
TOTAIS			7	6.101,48	85.420,81			3.886,65
Total grupo de programa 920.....					52.051,98			2.368,37
Total grupo de programa 934.....					9.247,81			420,78
Total grupo de programa 231.....					6.861,28			312,19
Total grupo de programa 323.....					3.281,48			149,31
Total grupo de programa 150.....					13.978,26			636,01
TOTAL CRÉDITO ORZAMENTO.....					85.420,81			3.886,65

CONCELLO DE LOUSAME
ORZAMENTO PARA O EXERCIZO DE 2026

Apartado 1.1 FUNCIONARIOS

D) Product., Gratific. e outros complementos, vixente a 31.12.2025						
	Productividade	Gratificacións	Total	Incremento 2,5% 2025	Incremento 1,5% + 0,5% 2026	Total incremento
Funcionarios	5.678,68	3.158,05	8.836,73	9.057,65	9.238,80	402,07
Total grupo de programa 920.....	5.678,68	3.158,05	8.836,73			
Total consignación no orzamento	5.678,68	3.158,05	8.836,73			

OBSERVACIÓN: Os datos comprendidos no presente documento teñen carácter meramente informativo, sen que poidan xerar ningunha clase de dereitos, que soamente poderán recoñecerse de acordo coas normas legais que sexan de aplicación.

CONCELLO DE LOUSAME
ORZAMENTO PARA O EXERCIZO DE 2026

Apartado 1.1 FUNCIONARIOS

E) SEGURIDADE SOCIAL. Cota patronal, vixente a 01.12.2025									
Funcionario:	Programa de Gasto	Total bases c. Anuais 2026	Cota Corporac. Seg. Soc. %			Total Importe Cota Corporac. por S.S.	Incremento 2025 e 2026	Cota Corporación SS Incremento	Total SS
SERVIZOS SOCIAIS E PROMOCIÓN SOCIAL:			C. comúns	C. Profe	% Total				
AUXILIAR ADMINISTRATIVO (4005)	231	23.580,66	24,27	2,10	26,37	6.218,22	1.072,92	282,93	6.501,15
TOTAL						6.218,22			6.501,15
EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES:			C. comúns	C. Prof	% Total				
CELADOR CPI (3208)	323	18.785,08	24,27	2,25	26,52	4.981,80	854,72	226,67	5.208,47
TOTAL						4.981,80			5.208,47
ACTUACIÓNES DE CARÁCTER XERAL			C. comúns	C. Prof	% Total				
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN-TESORERÍA (1000)	920	69.919,66	24,27	2,10	26,37	18.437,81	3.181,34	838,92	19.276,73
TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL (1001)	920	46.094,24	24,27	2,10	26,37	12.155,05	2.097,29	553,05	12.708,10
ADMINISTRATIVO TESOURERÍA (1002)	934	33.964,35	22,9720	2,10	25,0720	8.515,54	1.545,38	387,46	8.903,00
ADMINISTRATIVO (1004)	920	25.391,52	24,27	2,10	26,37	6.695,74	1.155,31	304,66	7.000,40
Productividade + Gratificacións 920	920	8.836,73	24,27	2,10	26,37	2.330,25	402,07	106,03	2.436,28
TOTAL						48.134,39			50.324,51
SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS:			C. comúns	C. Prof	% Total				
ARQUITECTO TÉCNICO (2001)	150	43.813,18	24,27	7,95	32,22	14.116,61	1.993,50	642,31	14.758,92
TOTAL						14.116,61			14.758,92
						73.451,02			76.793,04
Total área de gasto 1.....						14.116,61			14.758,92
Total área de gasto 2.....						6.218,22			6.501,15
Total área de gasto 3.....						4.981,80			5.208,47
Total área de gasto 9.....						48.134,39			50.324,51
Total consignación Orzamentaria.....						73.451,02			76.793,04

CONCELLO DE LOUSAME
ORZAMENTO PARA O EXERCIZO DE 2026

Apartado 1.2 PERSOAL LABORAL FIXO

RETRIBUCIÓN BÁSICAS, segundo importes vixentes a 01/12/2025															
Denominación do posto de traballo	Grupo Programa	Nº dotacións	Grupo	Soldo Mensual	(A) Soldo anual	Trienios mensuais	(B) Trienios anuais	Pagas Extraordinarias		(C) Pagas extraordinarias	Total retribucións básicas A + B+ C	Incremento 2,5% 2025	Incremento 1,5% + 0,5% 2026	Total Incremento	
								Soldo	Trienios						
TRABALLADOR/A SOCIAL COORDINADOR (4000)	231	1	A ₂	1.152,97	13.835,64	41,85	6.026,40	840,88	30,51	2.414,00	22.276,04	22.832,94	23.289,60	1.013,56	
TÉCNICO/A DE XUVENTUDE (5116)	231	1	A ₂	1.152,97	13.835,64	41,85	4.017,60	840,88	30,51	2.169,92	20.023,16	20.523,74	20.934,21	911,05	
TRABALLADOR/A SOCIAL (4001)	231	1	A ₂	1.152,97	13.835,64	41,85	2.008,80	840,88	30,51	1.925,84	17.770,28	18.214,54	18.578,83	808,55	
EDUCADOR/A SOCIAL (4002) (xornada 50%)	231	1	A ₂	576,48	6.917,76	20,93	2.009,28	420,44	15,26	1.085,04	10.012,08	10.262,38	10.467,63	455,55	
AEDL (1007)	241	1	A ₂	1.152,97	13.835,64	41,85	4.017,60	840,88	30,51	2.169,92	20.023,16	20.523,74	20.934,21	911,05	
XESTOR/A CULTURAL (5118)	334	1	A ₂	1.152,97	13.835,64	41,85	3.515,40	840,88	30,51	2.108,90	19.459,94	19.946,44	20.345,37	885,43	
TÉCNICO/A DE DEPORTES (5114)	341	1	A ₂	1.152,97	13.835,64	41,85	4.342,44	840,88	30,51	2.163,28	20.341,36	20.849,89	21.266,89	925,53	
TÉCNICO PAI (4108)	231	2	B	1.007,85	24.188,40	36,72	4.258,08	871,09	31,75	4.119,08	32.565,56	33.379,70	34.047,29	1.481,73	
TÉCNICO ANIMACIÓN FÍSICA DEPORTIVA (5115)	341	1	B	1.007,85	12.094,20	36,72	2.252,52	871,09	31,75	2.104,44	16.451,16	16.862,44	17.199,69	748,53	
ADMINISTRATIVO/A INTERVENCIÓN (1003)	931	1	C ₁	865,68	10.388,16	31,68	2.280,96	748,21	27,35	1.824,62	14.493,74	14.856,08	15.153,21	659,47	
ADMINISTRATIVO/A CULTURA (5117)	334	1	C ₁	865,68	10.388,16	31,68	3.773,52	748,21	27,35	1.971,94	16.133,62	16.536,96	16.867,70	734,08	
CAPATAZ (3100)	450	1	C2	720,49	8.645,88	21,57		713,92	21,34	1.427,84	10.073,72	10.325,56	10.532,07	458,35	
AUXILIAR BIBLIOTECA (5113)	3321	1	C2	720,49	8.645,88	21,57	2.588,40	713,92	21,34	1.854,64	13.088,92	13.416,14	13.684,47	595,55	
OFICIAL VÍAS E OBRAS E TRACTORISTA (3107)	450	1	C2	720,49	8.645,88	21,57	2.329,56	713,92	21,34	1.811,96	12.787,40	13.107,09	13.369,23	581,83	
AUXILIAR ADMINISTRATIVO (1005)	920	1	C2	720,49	8.645,88	21,57	1.682,46	713,92	21,34	1.705,26	12.033,60	12.334,44	12.581,13	547,53	
AUXILIAR ADMVO XULGADO PAZ (1008) (xornada 50%)	929	1	C2	360,24	4.322,88	10,78	646,80	356,96	10,67	820,62	5.790,30	5.935,06	6.053,76	263,46	
CONSERXE (3209) (xornada 10h/semanais)	323	1	E	175,85	2.110,20	4,33	51,96	175,85	4,33	360,36	2.522,52	2.585,58	2.637,29	114,77	
OFICIAL 2ª E TRACTORISTA (3108)	450	1	E	659,44	7.913,28			659,44		1.318,88	9.232,16	9.462,96	9.652,22	420,06	
OPERARIO DE VÍAS E OBRAS E TRACTORISTA (3109)	450	1	E	659,44	7.913,28			659,44		1.318,88	9.232,16	9.462,96	9.652,22	420,06	
TOTAIS.....		20			203.833,68		45.801,78			34.675,42	284.310,88				
Total grupo de programa 931.....					10.388,16		2.280,96			1.824,62	14.493,74	659,47			
Total grupo de programa 920.....					8.645,88		1.682,46			1.705,26	12.033,60	547,53			
Total grupo de programa 929.....					4.322,88		646,80			820,62	5.790,30	263,46			
Total grupo de programa 231.....					72.613,08		18.320,16			11.713,88	102.647,12	4.670,44			
Total grupo de programa 241.....					13.835,64		4.017,60			2.169,92	20.023,16	911,05			
Total grupo de programa 323.....					2.110,20		51,96			360,36	2.522,52	114,77			
Total grupo de programa 3321.....					8.645,88		2.588,40			1.854,64	13.088,92	595,55			
Total grupo de programa 334.....					24.223,80		7.288,92			4.080,84	35.593,56	1.619,51			
Total grupo de programa 341.....					25.929,84		6.594,96			4.267,72	36.792,52	1.674,06			
Total grupo de programa 450.....					33.118,32		2.329,56			5.877,56	41.325,44	1.880,31			
TOTAL CRÉDITO ORZAMENTO.....					203.833,68		45.801,78			34.675,42	284.310,88	12.936,15			

- (A) Soldo: 12 mensualidades ordinarias
(B) Trienios: 12 mensualidades ordinarias
(C) Pagas Extraordinarias (2): soldo + trienios

Desagregación trienios durante 2026	Trienios / Grupo
TRABALLADOR SOCIAL COORDINADOR (4000) NHS	12 (A2)
TÉCNICO DE XUVENTUDE (5116) JMOC	8 (A2)
TRABALLADOR SOCIAL (4001) MCO	6 (A2) ao 50% + 1 (A2)
EDUCADOR SOCIAL (4002) (xornada 50%) MPCA	8 (A2) ao 50%
AEDL (1007) ABT	8 (A2)
XESTOR/A CULTURAL (5118) MDSB	7 (A2)
TÉCNICO/A DE DEPORTES (5114) FGRI	1 (C2) + 5 (A1) + 2 (A2)
AUXILIAR PAI (4108) MBCR	5 (C1) + 1 (B)
AUXILIAR PAI (4108) MDLQ	4 (C2) + 2 (B)
TÉCNICO ANIMACIÓN FÍSICA DEPORTIVA (5115)	7 (C2) + 1 (B)
ADMINISTRATIVO/A INTERVENCIÓN (1003) OFB	6 (C1)
ADMINISTRATIVO/A CULTURA (5117) MTSC	6 (A2) + 2 (C1)
AUXILIAR BIBLIOTECA (5113) EAM	10 (C2)
OFICIAL VÍAS E OBRAS E TRACTORISTA (3107) JRMCM	9 (C2)
AUXILIAR ADMINISTRATIVO (1005) MAFS	1 (C2) ao 50% + 6 (C2)
AUXILIAR ADMVO XULGADO PAZ (1008) (50%) MPPS	5 (C2) ao 50%
CONSERXE (10 HORAS SEMANAIS) MCC	1 (E) 10 HORAS SEMANA

CONCELLO DE LOUSAME
ORZAMENTO PARA O EXERCIZO DE 2026

Apartado 1.2 PERSOAL LABORAL FIXO

B) RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS: COMPLEMENTO DE DESTINO segundo importes vixentes a 01/12/2025						Incremento 2,5% 2025	Incremento 1,5% + 0,5% 2026	Total Incremento
Denominación do posto de traballo	Grupo Programa	Nivel.	Nº dotacións	Contía mensual	CUSTO ANUAL			
TRABALLADOR SOCIAL COORDINADOR (4000)	231	22	1	612,99	8.581,86	8.796,41	8.972,33	390,47
TÉCNICO DE XUVENTUDE (5116)	231	20	1	528,66	7.401,24	7.586,27	7.738,00	336,76
TRABALLADOR SOCIAL (4001)	231	20	1	528,66	7.401,24	7.586,27	7.738,00	336,76
EDUCADOR SOCIAL (4002) (xornada 50%)	231	20	1	264,33	3.700,62	3.793,14	3.869,00	168,38
AEDL (1007)	241	20	1	528,66	7.401,24	7.586,27	7.738,00	336,76
XESTOR/A CULTURAL (5118)	334	20	1	528,66	7.401,24	7.586,27	7.738,00	336,76
TÉCNICO/A DE DEPORTES (5114)	341	20	1	528,66	7.401,24	7.586,27	7.738,00	336,76
TÉCNICO PAI (4108)	231	18	2	474,69	13.291,32	13.623,60	13.896,08	604,76
TÉCNICO ANIMACIÓN FÍSICA DEPORTIVA (5115)	341	18	1	474,69	6.645,66	6.811,80	6.948,04	302,38
ADMINISTRATIVO/A INTERVENCIÓN (1003)	931	22	1	612,99	8.581,86	8.796,41	8.972,33	390,47
ADMINISTRATIVO/A CULTURA (5117)	334	16	1	420,74	5.890,36	6.037,62	6.158,37	268,01
CAPATAZ (3100)	450	16	1	420,74	5.890,36	6.037,62	6.158,37	268,01
AUXILIAR BIBLIOTECA (5113)	3321	16	1	420,74	5.890,36	6.037,62	6.158,37	268,01
OFICIAL VÍAS E OBRAS E TRACTORISTA (3107)	450	16	1	420,74	5.890,36	6.037,62	6.158,37	268,01
AUXILIAR ADMINISTRATIVO (1005)	920	18	1	474,69	6.645,66	6.811,80	6.948,04	302,38
AUXILIAR ADMINISTRATIVO XULGADO PAZ (1008) (xornada 50%)	929	18	1	237,35	3.322,83	3.405,90	3.474,02	151,19
CONSERXE (3209) (xornada 10h/semanais)	323	10	1	69,00	966,00	990,15	1.009,95	43,95
OFICIAL 2ª E TRACTORISTA (3108)	450	12	1	312,72	4.378,08	4.487,53	4.577,28	199,20
OPERARIO DE VÍAS E OBRAS E TRACTORISTA (3109)	450	10	1	258,75	3.622,50	3.713,06	3.787,32	164,82
SUMAS.....			20	8.118,46	120.304,03			5.473,83
Total grupo de programa 931.....					8.581,86			390,47
Total grupo de programa 920.....					6.645,66			302,38
Total grupo de programa 929.....					3.322,83			151,19
Total grupo de programa 231.....					40.376,28			1.837,12
Total grupo de programa 241.....					7.401,24			336,76
Total grupo de programa 323.....					966,00			43,95
Total grupo de programa 3321.....					5.890,36			268,01
Total grupo de programa 334.....					13.291,60			604,77
Total grupo de programa 341.....					14.046,90			639,13
Total grupo de programa 450.....					19.781,30			900,05
TOTAL CRÉDITO ORZAMENTO.....					120.304,03			5.473,83

Custo anual: 12 mensualidades ordinarias + 2 mensualidades extraordinarias

CONCELLO DE LOUSAME
ORZAMENTO PARA O EXERCIZO DE 2026

Apartado 1.2 PERSOAL LABORAL FIXO

C) RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS: COMPLEMENTO ESPECÍFICO, vixente a 01.12.2025						Incremento 2,5% 2025	Incremento 1,5% + 0,5% 2026	Total Incremento
Denominación do posto de traballo	Grupo Programa	Grupo	Nº dotacións	Contía mensual	Custo anual pagas) (14			
TRABALLADOR SOCIAL COORDINADOR (4000)	231	A ₂	1	617,94	8.651,17	8.867,45	9.044,80	393,63
TÉCNICO DE XUVENTUDE (5116)	231	A ₂	1	469,39	6.571,48	6.735,77	6.870,48	299,00
TRABALLADOR SOCIAL (4001)	231	A ₂	1	526,62	7.372,68	7.557,00	7.708,14	335,46
EDUCADOR SOCIAL (4002) (xornada 50%)	231	A ₂	1	200,91	2.812,70	2.883,02	2.940,68	127,98
AEDL (1007)	241	A ₂	1	599,68	8.395,48	8.605,37	8.777,47	381,99
XESTOR/A CULTURAL (5118)	334	A ₂	1	469,39	6.571,48	6.735,77	6.870,48	299,00
TÉCNICO/A DE DEPORTES (5114)	341	A ₂	1	688,56	9.639,89	9.880,89	10.078,50	438,61
TÉCNICO PAI (4108)	231	B	2	292,23	8.182,42	8.386,98	8.554,72	372,30
TÉCNICO ANIMACIÓN FÍSICA DEPORTIVA (5115)	341	B	1	547,93	7.671,00	7.862,78	8.020,03	349,03
ADMINISTRATIVO/A INTERVENCIÓN (1003)	931	C ₁	1	660,56	9.247,81	9.479,01	9.668,59	420,78
ADMINISTRATIVO/A CULTURA (5117)	334	C ₁	1	462,70	6.477,73	6.639,67	6.772,47	294,74
CAPATAZ (3100)	450	C ₂	1	785,36	10.995,10	11.269,98	11.495,38	500,28
AUXILIAR BIBLIOTECA (5113)	3321	C ₂	1	829,81	11.617,29	11.907,72	12.145,88	528,59
OFICIAL VÍAS E OBRAS E TRACTORISTA (3107)	450	C ₂	1	496,18	6.946,52	7.120,18	7.262,59	316,07
AUXILIAR ADMINISTRATIVO (1005)	920	C ₂	1	490,09	6.861,28	7.032,81	7.173,47	312,19
AUXILIAR ADMINISTRATIVO XULGADO PAZ (1008) (xornada 50%)	929	C ₂	1	245,05	3.430,64	3.516,41	3.586,73	156,09
CONSERXE (3209) (xornada 10h/semanais)	323	E	1	57,63	806,88	827,05	843,59	36,71
OFICIAL 2ª E TRACTORISTA (3108)	450	E	1	487,05	6.818,67	6.989,14	7.128,92	310,25
OPERARIO DE VÍAS E OBRAS E TRACTORISTA (3109)	450	E	1	456,61	6.392,49	6.552,30	6.683,35	290,86
TOTALS			20	9.383,68	135.462,71			6.163,55
Total grupo de programa 931.....					9.247,81			420,78
Total grupo de programa 920.....					6.861,28			312,19
